

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2025, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO "PROXECTO LAR CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA." NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION EU.**

Lugar e data da sinatura dixital

## REUNIDOS

### Dunha parte

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

### Doutra parte

Mercedes Casanova Díaz, presidenta do Comité Autonómico de Cruz Roja Española en Galicia, (co NIF Q2866001G), actuando en nome e representación da citada entidade, con sede na rúa Cruz Roja Española, 1, 15002 A Coruña, de conformidade co disposto no artigo 17.4 da Orde SCB/801/2019 de 11 de xullo de 2019 pola que se publica o texto refundido dos Estatutos de Cruz Roja Española ( BOE núm. 178 do 11.07.2019) e no artigo 13.2 do Regulamento xeral orgánico de Cruz Roja Española.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

## EXPOÑEN

**Primeiro.** As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, capítulo VI do Título preliminar e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



**Segundo.** A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia que se desenvolve pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**Terceiro.** A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas funcións e competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de proxectos e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións sociais e interxeracionais.

**Cuarto.** A soidade non desexada pode definirse como unha experiencia persoal negativa na que un individuo ten a necesidade de comunicarse cos demais e percibe deficiencias nas súas relacións sociais, xa sexa porque ten menos relacións das que lle gustaría ou porque as relacións que ten non lle ofrecen o apoio emocional que desexa, polo que é unha condición incontrolable na que a persoa experimenta e sente soidade .

Segundo a Enquisa Continua de Fogares do Instituto Nacional de Estatística, en Galicia existen:

- Entre 20 e 64 anos: 149.500 persoas que viven soas, é dicir, o 9,5% do total. Con respecto a España este peso aumenta case un punto.
- Maiores de 64 anos: 139.700 persoas que viven soas, é dicir, o 20,8% das persoas maiores, case tres puntos por baixo da media nacional (23,5%).

A estandarización de intervencións contra a soidade non desexada non e doada a priori debido á individualidade da experiencia e á posible situación do illamento das persoas. Por iso compre enfocar as intervencións sobre a base de experiencias reais das que se poidan inferir conclusións.

Todo o anterior determina a necesidade de fomentar e promover proxectos experienciais que estean orientados a reducir paliar e loitar contra as situacións de soidade non desexada.

**Quinto.** Cruz Roja Española en Galicia integrada na institución de carácter humanitario e de interese público Cruz Roja Española, configúrase no ámbito autonómico como entidade de iniciativa social, sen animo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-23 e orienta o seu labor, entre outros obxectivos, á intervención social e prestación de servizos sociais e asistenciais a persoas maiores contando con longa experiencia no servizo e asistencia a persoas maiores en distintos ámbitos como a teleasistencia, axuda no fogar, envellecemento activo, redes sociais de atención a maiores e persoas en proceso de envellecemento ou con funcións cognitivas deterioradas.

Cruz Roja Española en Galicia ven desenvolvendo desde o ano 2024 iniciativas no eido da



detección e redución das situacións de soidade non desexada de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

As ditas iniciativas para o presente ano consolidanse a través do Proxecto LAR contra a soidade non desexada.

A execución material do dito proxecto da entidade materialízase co fomento a través da concesión directa dunha subvención pública coa sinatura dun convenio de colaboración a favor de Cruz Roja Española en Galicia. A idoneidade da entidade ven dada pola súa ampla implantación e capilaridade única no ámbito da nosa comunidade autónoma, así como pola natureza das actividades desenvolvidas a nivel asistencial, tanto presenciais como telefónicas, que lle permiten detectar, previr e reducir a soidade non desexada cunha efectividade real aproveitando a súa ampla implantación territorial na nosa Comunidade Autónoma e o amplo abano de actividades e proxectos que desenvolve que teñen como destinatarios a persoas que están en risco de soidade non desexada.

O interese público do proxecto queda acreditado polo disposto no proxecto nº 6 (Proxectos de innovación dos servizos sociais), incluído no anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia de data 27 de agosto de 2021 e publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 230 do 25.09.2021. inclúense actuacións innovadoras de atención telefónica ás persoas que se atopan en situación de soidade non desexada, principalmente para persoas maiores ou con discapacidade en situación de soidade non desexada. Estes servizos telefónicos incluírán un enfoque de prevención, identificación e atención ás persoas maiores que se atopan na devandita situación e serán proporcionados por persoal especialista, formado para ese efecto.

A imposibilidade da concorrencia, de conformidade co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, xustifícase pola singularidade da Institución Cruz Roja Española en Galicia xa que é a única entidade na nosa Comunidade Autónoma que dispón dun soporte tecnolóxico axeitado e dunha experiencia de mais de 14 anos desenvolvendo en tódolos concellos de Galicia actuacións de teleasistencia básica e avanzada contando con profesionais no seu equipo humano multidisciplinar que achegan formación e experiencia para detectar as situacións de soidade non desexada.

**Sexto.** A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade considera prioritario potenciar actuacións que contribúan a diminuír a soidade non desexada e fomentar a través da concesión directa dunha subvención pública a execución do dito Proxecto LAR contra a soidade non desexada de Cruz Roja Española en Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia e interese o Proxecto LAR contra a soidade non desexada, a través do cal a Cruz Roja Española en Galicia achega un punto de vista único, desde a perspectiva da propia realidade cotiá da súa experiencia no traballo e asistencia ás persoas en situación de risco de soidade non desexada, podendo transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do proxecto.



Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Cruz Roja Española en Galicia é unha entidade de iniciativa social na Comunidade Autónoma que conta coa experiencia e os recursos persoais e materiais necesarios para realizar este proxecto Lar contra a soidade non desexada, estuda e investiga aspectos relacionados coa soidade non desexada e a súa problemática.

Así mesmo, as actuacións do proxecto recollidas na cláusula terceira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo o artigo 31.2 en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de marzo, habilitan por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

Esta entidade ten acreditado, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso á Cruz Roja Española en Galicia para a execución do Proxecto LAR contra a soidade non desexada no ano 2025.

**Sétimo.** A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), segundo o Regulamento (UE) 2020/2094, do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), o Real Decreto Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR e o Regulamento (UE Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión





(Regulamento Financeiro).

**Oitavo.** A concesión directa da subvención a través do convenio está amparada polo dito Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto encaixa no proxecto 6 incluído no anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia de data 27 de agosto de 2021 e publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 230 do 25.09.2021.

No citado proxecto nº 6 inclúense actuacións innovadoras de atención telefónica ás persoas que se atopan en situación de soidade non desexada, principalmente para persoas maiores ou con discapacidade en situación de soidade non desexada. Estes servizos telefónicos incluírán un enfoque de prevención, identificación e atención ás persoas maiores que se atopan na devandita situación e serán proporcionados por persoal especialista, formado para ese efecto. O fito/obxectivo da Decisión de Execución do Consello Europeo, ao que contribúe é o Fito 325-Compoñente 22 Investimento 2 C22.I2- "Execución de proxectos para a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e para a modernización das infraestruturas e os servizos asociados á protección residencial e as familias de acollida".

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase en orde ás seguintes,

## CLÁUSULAS:

### PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é a concesión directa dunha subvención pública da Consellería de Política Social e Igualdade para financiar o desenvolvemento do Proxecto LAR contra a soidade non desexada de Cruz Roja Española en Galicia que leva a cabo a dita entidade na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2025.

Este proxecto ten como obxectivo a redución das situacións de soidade en persoas con 65 e máis anos e/ou persoas con discapacidade en Galicia, mediante a detección e intervención en ditas situacións.

No anexo III do citado Convenio, se establecen os proxectos a desenvolver no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto no proxecto nº 6 inclúense proxectos de innovación dos servizos sociais co fin de probar novas iniciativas que poidan resultar útiles á sociedade, que se poidan perpetuar no tempo e das que se poidan extraer conclusións para mellorar o estado de benestar. Dentro de estes proxectos inclúense o "teléfono contra a soidade non desexada" que consiste no deseño e posterior pilotaxe dun servizo innovador de atención telefónica ás persoas que se atopan en risco ou en situación de soidade non desexada. O Proxecto LAR contra a soidade non desexada desenvolve esta iniciativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

### SEGUNDA. *Beneficiarios do proxecto*

Son beneficiarias do proxecto as persoas maiores en risco de estar en situación de soidade non desexada.



### TERCEIRA. Actuacións subvencionables

Serán subvencionables conforme a este convenio, os gastos derivados da posta en marcha e implantación do Proxecto LAR contra a soidade non desexada a desenvolver durante o ano 2025 pola entidade Cruz Roja Española en Galicia na Comunidade Autónoma.

A concesión da subvención destínase ao Proxecto LAR contra a soidade non desexada que se desenvolve de conformidade cos seguintes obxectivos e eixos operativos ou actuacións:

a) O obxectivo principal é reducir as situacións de soidade non desexada en persoas con 65 e máis anos e/ou persoas con discapacidade en Galicia, mediante a detección e intervención en ditas situacións diminuíndo o illamento social e as situacións de soidade percibida neste colectivo, favorecendo un envellecemento activo así como unha mellora na súa calidade de vida.

Como obxectivos secundarios inclúese o deseñar e validar protocolos de detección temperá e atención á soidade non desexada e testar e observar a eficacia e a eficiencia para o obxectivo principal das propostas de innovación social.

b) As actuacións a desenvolver distribúese en 3 eixos operativos, o Servizo Telefónico Multicanle e sobre o dito servizo pivotan bidireccionalmente os outros dous eixos operativos do proxecto: Os Puntos de Atención presencial e os Bancos de Probas ou Living labs, como a continuación se describen:

#### 1º. Servizo Telefónico Multicanle

O Servizo Telefónico desenvólvese coa entrada dos usuarios da Rede de Atención Galega de Cruz Roja Española en Galicia ou dende a súa Central de Coordinación da soidade non desexada que dará resposta axeitada mediante protocolos predefinidos ás situacións de soidade en persoas maiores.

O Servizo telefónico multicanle dará resposta axeitada coa derivación das situacións de soidade recibidas aos Puntos de atención presenciais e levará a cabo o seu seguimento.

O sistema de entrada das persoas demandantes ao servizo telefónico dende a rede farase tanto de xeito proactivo (por iniciativa ou solicitude da propia persoa) como reactivo (a iniciativa de axentes sociais da Comunidade autónoma, ou de entidades do Terceiro Sector).

O servizo establececese de forma pechada para un universo de 1.000 persoas maiores de 65 anos, pero a actuación levarase a cabo coas funcionalidades completas que permitan levar a cabo unha valoración e un posterior dimensionamento de cara a un ulterior establecemento con carácter xeral para máis usuarios.

Así, ao longo do ano 2025, traballarase con 1.000 persoas ás que se lles ofrece o servizo de soporte. Son persoas usuarias pertencentes á Rede de Atención Galega propia de Cruz Roja Española en Galicia.

O obxectivo final é diminuír o illamento social e as situacións de soidade percibida neste colectivo, favorecendo un envellecemento activo así como unha mellora na súa calidade de vida.

#### 2º. Puntos presenciais de atención á soidade non desexada

Deséñanse e desenvólvense as prestación de servizos necesarias e as características dos centros de atención ás situacións de soidade non desexada en puntos estratéxicos de Galicia.



O obxectivo dos puntos de atención presencial da entidade é implementar un servizo que facilite a atención permanente cun plan personalizado para as persoas usuarias en situación de soidade non desexada, o seu seguimento e a intervención profesionalizada coas persoas usuarias de dito servizo.

Serán destinatarias 800 persoas maiores. A selección dos participantes farase tras o establecemento de criterios asociados a casos de risco de soidade e illamento social entre as persoas usuarias do Servizo Telefónico multicanle e as pertencentes á Rede de Atención Galega de Cruz Roja Española en Galicia, ao longo de 2025.

### 3º. Living Lab ou bancos de probas de equipamento de teleatención avanzada

Levarase a cabo no proxecto a avaliación e monitorización de equipamentos tecnolóxicos e protocolos relacionados coa teleatención á soidade non desexada nos seguintes ámbitos:

3º.1. Monitorización de rutinas diarias.

3º.2. Monitorización de hábitos saudables.

3º.3. Experiencias innovadoras baseadas en robótica social.

Os obxectivos son definir as características necesarias dos dispositivos e sensores tecnolóxicos que permitan monitorizar e facer un seguimento de hábitos de vida en situacións de soidade non desexada, e levar a cabo a xestión de cuidados dirixida ás situacións de soidade non desexada. O control e seguimento das pautas e hábitos de vida das persoas usuarias permitirá aos profesionais facer unha intervención eficaz para atender situacións de posible vulnerabilidade en persoas que sofren sentimento de soidade.

Serán destinatarias 180 persoas maiores participantes no living lab desagregándose do seguinte xeito: 100 persoas nos living lab 1) e 2) (monitorización de rutinas diarias e monitorización de hábitos saudables e 80 persoas no living lab 3) (Experiencias baseadas en robótica social).

A selección das persoas participantes realízase tras o establecemento de criterios asociados a casos de risco de soidade e illamento social entre as persoas usuarias do Servizo Telefónico multicanle e as pertencentes á Rede de Atención Galega de Cruz Roja Española en Galicia.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctese no anexo II do Convenio.

### CUARTA. *Compromisos da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- b) Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e





- 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
  - d) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
  - e) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
  - f) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
  - g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas neste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
  - h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en adiante MRR), é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo.
  - i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
  - j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - k) Cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
  - l) Aceptar a cesión de datos ás Administracións Públicas implicadas nos termos



indicados no Anexo III.

- m) Presentar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en adiante PRTR), nos termos indicados no Anexo IV.
- n) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, a liña C22.I2 inclúe a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e as entidades do terceiro sector de acción social e a dixitalización das infraestruturas de protección residencial de nenos, nenas e adolescentes, en especial con necesidades especiais ou migrantes non acompañados. Aplicarase a esta actuación o campo de intervención 11, "Solucións de TIC para a Administración servizos electrónicos, aplicacións", cun coeficiente de 100%.
- o) A execución de conformidade coa exigencia do MRR do compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento de taxonomía da UE. De acordo co dito compromiso, o compoñente 22, Inversión 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece que os equipos utilizados cumprarán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo con a Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE.
- p) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas co proxecto, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados cos fondos da Unión Europea – NEXTGENERATION EU.
- q) Desenvolver o proxecto tendo en conta a lexislación vixente en materia de benestar e atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.
- r) Cruz Roja Española en Galicia deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



2. A realización das actuacións a subvencionar que forman parte do proxecto da entidade axustarase as seguintes premisas :

- a) Realizar todas as actividades de difusión, e acompañamento descritas na cláusula terceira, dende a posición especializada que lle da Cruz Roja Española en Galicia a súa perspectiva como entidade con longa experiencia no servizo e asistencia a persoas maiores no ámbito da teleasistencia, na axuda no fogar e na creación de redes sociais de atención a persoas en proceso de envellecemento ou con funcións cognitivas deterioradas.
- b) Adaptar o desenvolvemento das actividades a cada situación que se presente cos medios técnicos e tecnolóxicos precisos para o desenvolvemento presencial e non presencial do proxecto.
- c) Desenvolver o proxecto tendo en conta a lexislación vixente en materia de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como a primacía do superior interese da persoa maior ou discapacitada sobre calquera outro.
- d) Levar a cabo a avaliación de resultados trala finalización do proxecto ou, en todo caso, transcorrido un ano desde a súa posta en marcha.
- e) Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do proxecto, unha memoria xustificativa na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, valoración global e propostas de mellora.
- f) Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do proxecto.
- g) Non percibir remuneración ningunha por parte das persoas usuarias do proxecto.

#### **QUINTA. Persoal para o desenvolvemento do proxecto**

Para o desenvolvemento do proxecto Cruz Roja Española en Galicia dispón de persoal especializado nesta área de actuación.

O persoal que a Cruz Roja Española en Galicia pon a disposición deste proxecto en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

#### **SEXTA. Condicións económicas**

1. O importe integro do proxecto ascende a **seiscentos mil euros (600.000€)**. A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o importe íntegro do proxecto aboando os gastos derivados da súa execución con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do PRTR – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU, segundo o Convenio de colaboración asinado con data 27 de agosto de 2021 entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030



e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia e publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 230 do 25.09.2021. con cargo á aplicación orzamentaria 2022-00122 08.05.312D.480.1. na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A subvención límitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada non varíe.

2. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 480.000€ (80% da cantidade subvencionada), do seguinte xeito:

1º. A cantidade de 72.600€ (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos 582.000 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio coa Cruz Roja española en Galicia co obxecto de que se poidan cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do proxecto. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 407.400 € pagaranse a medida que se xustifique a actividade descrita no proxecto a subvencionar a través deste convenio, de conformidade co Anexo II.

b) A cantidade de 120.000 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

### **SÉTIMA. Xustificación e control**

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto a Cruz Roja Española en Galicia debe presentar:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto, segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con data límite de xustificación, o **23 de decembro de 2025**.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:





1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a) , agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do convenio e dentro do período que abrangue este.

A elección entre as ofertas presentadas, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais das persoas traballadoras que participan no proxecto, Cruz Roja Española en Galicia deberá presentar, referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º Relación nominal dos/das traballadores/as que se inclúen como xustificación do proxecto subvencionado.

2º Recibos de salarios.

3º Documentos 'Relación de liquidación de cotizacións' (RLC) e 'Relación Nominal de Traballadores' (RN) dos traballadores/as correspondentes aos meses imputados.

4º Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación á realización destas actuacións. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.



A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e nos permisos por nacemento de fillos:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que a substitúa.
- No caso de que non se substitúa á persoa traballadora titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e para cumprir coa obriga da identificación do perceptor final prevista no artigo 8, apartado 2, da Orde HFP/1030/2021, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención socio sanitaria poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Cruz Roja Española en Galicia, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Inscripción no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Cruz Roja Española en Galicia a presentación dos documentos correspondentes.

Certificado ou declaración responsable que xustifique que os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo coa Directiva 2009/125/EC e que non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os numerados no dito anexo. Ademais, aportará o compromiso de que ao final da súa vida útil, os equipos se someterán a unha preparación para operacións de reemprego, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE. Estes aspectos están incluídos nas medidas de cumprimento do principio DNSH.



A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención sociosanitaria con data límite **23 de decembro de 2025**.

Cruz Roja Española en Galicia, comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais de 2025, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de 2025, con data límite de presentación do 15 de febreiro de 2026.

Cruz Roja Española en Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo proxecto, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

#### **OITAVA. Fraude, corrupción e conflito de intereses**

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: [-https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias](https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias)

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no Plan específico de prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Consellería de Política Social, que se atopen vixentes.

[-https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf)

[-https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf)

Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de intereses da Orde HFP 1030/2021.





Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor: ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR.

Este procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano de contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)".

### **NOVENA. Compatibilidade**

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre



financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR”.

### **DÉCIMA. Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Cruz Roja Española en Galicia será responsable do tratamento dos datos e dos



consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do proxecto subvencionado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no proxecto, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no proxecto.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión mixta de seguimento**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións a subvencionar a través do presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social e Igualdade.

A Comisión estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Cruz Roja Española en Galicia designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención sociosanitaria designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do proxecto descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.



### **DÉCIMO TERCEIRA. *Modificacións***

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da presente concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

### **DÉCIMO CUARTA. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas***

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Con respecto á financiamento con fondos europeos rexerase polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello de 14 de decembro de 2020 polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España aprobado na data 16/06/2021 pola Decisión de Execución do Consello, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e o Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

Segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, á Fiscalía Europea.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a



resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### **DÉCIMO QUINTA. Causas de resolución e efectos da mesma**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos percibidos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir á entidade o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

### **DÉCIMO SEXTA. Comunicación, divulgación e publicidade**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.



Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do MRR os asinantes comprométese a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, e conforme ao establecido no Manual de Marca do PRTR confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón:

-<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%3%93N%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e  
Igualdade

Pola Cruz Roja Española en Galicia,

Fabiola García Martínez

Mercedes Casanova Díaz



**ANEXO I**  
**Cadro económico**

**ANEXO I**

**MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR FASES DE ACTUACIÓN (Anexo II) E TIPOLOXÍA DE GASTO**

**1.1 CADRO XERAL**

<b>Tipoloxía Actuación</b>	<b>Tipoloxía de gasto/gastos subvencionables</b>	<b>Importe ano 2025</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Fase a)</b>	Gastos de persoal	15.000,00€	15.000,00€
	Subministracións e servizos		
	Outros		
<b>Fase b)</b>	Gastos de persoal	275.945,81€	275.945,81€
	Subministracións e servizos	84.804,19€	84.804,19€
	Outros (inversión)	35.750,00€	35.750,00€
<b>Fase c)</b>	Gastos de persoal	62.000,00€	62.000,00€
	Subministracións e servizos	37.000,00€	37.000,00€
	Outros		
<b>Fase d)</b>	Gastos de persoal	81.000,00€	81.000,00€
	Subministracións e servizos	8.500,00€	8.500,00€
	Outros		
	<b>TOTAL</b>	<b>600.000,00€</b>	<b>600.000,00€</b>



## 1.2 DETALLE DO CADRO DE PERSOAL

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	TOTAL
<b>Categoría A – Grupo 11</b>	138.549,75€	18.482,51€	43.500,30€	0	200.532,56€
<b>Categoría B – Grupo 21</b>	58.969,35€	5.994,10€	20.721,29€	0	85.684,74€
<b>Categoría C - Grupo 3 1</b>	24.655,92€	1.056,72€€	8.202,36€	0	33.915,00€
<b>Categoría D</b>	0	0	0	0	0
<b>Categoría E -Grupo 51</b>	78.606,95€	7.680,60€€	27.525,96€	0	113.813,51
<b>TOTAL</b>					<b>433.945,81€</b>

## DESGLOSE DO PERSOAL POR FASES DE ACTUACIÓN

### 1.2.1 DETALLE CADRO PERSOAL FASE ACTUACIÓN A)

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	TOTAL
<b>Categoría A – Grupo 11 (2 traballadores)</b>	12.694,68€		2.305,32€	0	15.000,00€
<b>Categoría B – Grupo 21</b>				0	0
<b>Categoría C - Grupo 3 1</b>				0	0
<b>Categoría D</b>				0	0
<b>Categoría E -Grupo 51</b>				0	0
<b>TOTAL</b>					<b>15.000,00€</b>



### 1.2.2 DETALLE CADRO PERSOAL FASE ACTUACIÓN B)

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	TOTAL
<b>Categoría A – Grupo 11 (1 traballador)</b>	29.206,92€	3.039,12€	10.286,52€	0	42.532,56€
<b>Categoría B – Grupo 21 (3 traballadores)</b>	58.969,35€	5.994,10€	20.721,29€	0	85.684,74€
<b>Categoría C - Grupo 31 (1 traballador)</b>	24.655,92€	1.056,72€	8.202,36€	0	33.915,00€
<b>Categoría D</b>					
<b>Categoría E - Grupo 51 (4 traballadores)</b>	78.606,95€	7.680,60€	27.525,96€	0	113.813,51€
<b>TOTAL</b>					<b>275.945,81 €</b>

### 1.2.3 DETALLE CADRO PERSOAL FASE ACTUACIÓN C)

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	TOTAL
<b>Categoría A – Grupo 11 (3 traballador)</b>	38.693,67€	12.088,91€	11.217,42€	0	62.000,00€
<b>Categoría B – Grupo 21</b>				0	
<b>Categoría C - Grupo 31</b>				0	
<b>Categoría D</b>				0	
<b>Categoría E - Grupo 51</b>				0	
<b>TOTAL</b>					<b>62.000,00€</b>





#### 1.2.4 DETALLE CADRO PERSOAL FASE ACTUACIÓN D)

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	TOTAL
<b>Categoría A – Grupo 11 (2 traballador)</b>	57.954,48€	3.354,48€	19.691,04€	0	81.000,00€
<b>Categoría B – Grupo 21</b>				0	
<b>Categoría C - Grupo 31</b>				0	
<b>Categoría D</b>				0	
<b>Categoría E - Grupo 51</b>				0	
<b>TOTAL</b>					<b>81.000,00€</b>





ORZAMENTO

PARTIDA DE GASTO	Nº PERSOAS	TOTAL
Paquete traballo (PT)1	2	15.000,00€
PT2	23	275.945,81€
PT3	3	62.000,00€
PT4	2	81.000,00€
<b>Total Persoal</b>		<b>433.945,81€</b>
PARTIDA DE GASTO	TOTAL	
Desprazamentos	2.500,00€	
Difusión, deseño da imaxe do proxecto, materiais e xornadas profesionais	26.000,00€	
<b>Gastos xerais</b>	<b>28.500,00€</b>	
PARTIDA DE GASTO	TOTAL	
Living Lab 2	5.750,00€	
Equipamento tecnolóxico: Servizo Multicanle	25.000,00€	
<b>Equipamento</b>	<b>30.750,00€</b>	
PARTIDA DE GASTO	TOTAL	
<b>Custos redes e telefonía Servizo Multicanle</b>	<b>33.910,00€</b>	
PARTIDA DE GASTO	TOTAL	
Living Lab 1	46.144,00€	
Living Lab 2	4.750,00€	
Living Lab 3	12.000,00€	
Avaliación externa do proxecto	10.000,00€	
<b>Servizos externos</b>	<b>72.894,00€</b>	
<b>TOTAL</b>	<b>600.000,00€</b>	



## ANEXO II. PROXECTO

### I. Fases de actuación

- a) Xestión da Documentación, análise da situación e desenvolvemento do marco estratéxico de actuación (xaneiro a marzo 2025).
- b) Plan operativo (xaneiro a decembro de 2025)
- c) Elaboración de Protocolos e Avaliación (xullo a decembro de 2025)
- d) Xestión e difusión do proxecto (xaneiro a decembro de 2025)

### II. Obxectivos

O obxectivo principal é a detección e redución das situacións de soidade en persoas con 65 e máis anos e/ou persoas con discapacidade en Galicia, mediante a detección e intervención en ditas situacións.

Como obxectivos secundarios, a institución estableceu:

- a) Diseñar e validar protocolos de detección temperá e atención á soidade non desexada.
- b) Testar e observar a eficacia e a eficiencia para o obxectivo principal das propostas de innovación social.

### III. Eixos operativos

Cruz Roja Española en Galicia definiu e operativizou os seguintes eixos que estruturan o proxecto:

#### a) Servizo Telefónico Multicanle

A través dunha Central de Coordinación da soidade non desexada darase a resposta axeitada mediante protocolos predefinidos ás situacións de soidade en persoas maiores e/ou persoas con discapacidade.

As tarefas principais da Central serán ser canle de entrada na Rede, realizar a derivación das situacións de soidade detectadas aos Puntos de Atención e o seguimento das mesmas.

O sistema de entrada da demanda é tanto proactiva (propia persoa) como reactiva (Comunidade, Terceiro Sector).

O servizo establece de forma pechada para un universo determinado de persoas usuarias, pero coas funcionalidades completas que permitan valorar e dimensionar o establecemento con carácter xeral.

Principais obxectivos desta proposta:

- 1º. Definir o Protocolo de Detección de Soidade non Desexada
- 2º. Definir os diferentes Protocolos de Atención á Soidade non Desexada: primeira atención e definición do plan personalizado, derivación a outras prestacións sociais públicas se procede, monitorización e seguimento a través da atención telefónica e nos puntos específicos de atención á soidade.

Persoas Usuarias: ao longo do ano 2025, traballarase con 1.000 persoas ás que se lles ofrece o servizo de soporte durante a duración da pilotaxe. Son persoas usuarias pertencentes á Rede de Atención Galega propia de Cruz Roja Española en Galicia.

En relación cos obxectivos desta proposta, os Protocolos de detección e atención a persoas en situación de soidade, deseñados a partir das interaccións do Servizo Telefónico Multicanle, teñen como finalidade desenvolver un instrumento que responda ás necesidades e retos que supón a dificultade de detectar estas situacións en persoas maiores e/ou con discapacidade en Galicia.

O obxectivo final é diminuír o illamento social e as situacións de soidade percibida neste



colectivo, favorecendo un envellecemento activo así como unha mellora na súa calidade de vida.

A elaboración dos protocolos consta de dúas dimensións:

1º. A través de grupos de traballo cos diferentes axentes sociais implicados, establecerase un protocolo de detección do risco das persoas de atoparse en situación de soidade e/ou illamento social. Isto apoiarase na revisión da literatura e na experiencia previa de Cruz Roja Española en Galicia e outros axentes implicados.

2º. O grupo de profesionais establecerá o procedemento para a confirmación das situacións de soidade que se poidan detectar e a metodoloxía para a intervención.

Sobre o Servizo Telefónico Multicanle pivotan de forma asistencial bidireccional os outros dous eixos do proxecto:

### **b) Puntos presenciais de atención á soidade non desexada**

Deseñaranse e desenvolveranse as prestacións de servizos necesarias e as características dos centros de atención ás situacións de soidade non desexada en puntos estratéxicos de Galicia.

O obxectivo dos centros é implementar un servizo que facilite a atención permanente cun plan personalizado para as persoas usuarias en situación de soidade non desexada, o seu seguimento e a intervención profesionalizada coas persoas usuarias de dito servizo.

Persoas Usuarias: 800 persoas maiores e/ou con discapacidade. A selección dos participantes farase tras o establecemento de criterios asociados a casos de risco de soidade e illamento social entre as persoas usuarias pertencentes á Rede de Atención Galega de Cruz Roja Española en Galicia ao longo de 2025.

### **c) Livings Labs de equipamento de teleatención avanzada**

No living lab deseñado e implementado neste proxecto establécense 3 avaliacións da prestación tecnolóxica e protocolos asociados en 1) Monitorización de rutinas diarias, 2) Monitorización de hábitos saudables e 3) Experiencias innovadoras baseadas en robótica social.

Os obxectivos son os seguintes:

1º. Definir as características necesarias dos dispositivos e sensores tecnolóxicos que permitan monitorizar e facer un seguimento de hábitos de vida en situacións de soidade non desexada.

2º. Levar a cabo unha Xestoría de coidados dirixida ás situacións de soidade non desexada: O control e seguimento das pautas e hábitos de vida das persoas usuarias permitirá aos profesionais facer unha intervención eficaz para atender situacións de posible vulnerabilidade en persoas que sofren sentimento de soidade.

Persoas Usuarias: 180 persoas maiores ou con discapacidade participan nos living lab, distribuíndose do seguinte xeito:

100 persoas no living lab 1) e 2) (monitorización de rutinas diarias e monitorización de hábitos saudables) e 80 persoas no living lab 3) (Experiencias baseadas en robótica social.)

A selección das persoas participantes realízase tras o establecemento de criterios asociados a casos de risco de soidade e illamento social entre as persoas usuarias pertencentes á Rede de Atención Galega de Cruz Roja española en Galicia.

**Na monitorización de rutinas diarias** avalíase a tecnoloxía e procedementos asociados para a monitorización dun sistema intelixente adaptable aos hábitos de vida da persoa usuaria no domicilio. A hipótese que se quere verificar é comprobar se o control das



pautas e hábitos de vida das persoas usuarias é unha intervención eficaz para atender situacións de posible vulnerabilidade en persoas que sofren sentimento de soidade.

A finalidade deste living lab, polo tanto, é deseñar e implementar o testeo dun sistema intelixente en vida real, baseado na monitorización a través de sensores multiparámetro, instalados no domicilio. Serán sensores de presenza e apertura de portas, entre outros, que permitirán ao sistema coñecer os parámetros de vida da persoa usuaria e determinar a súa evolución. A solución consta dunha serie de elementos configurables que permiten personalizar a atención e adaptala á persoa maior e/ou con discapacidade.

**Na monitorización de hábitos saudables** trabállase con tecnoloxía portátil para monitorizar a actividade diaria dentro e fora do fogar. A finalidade é definir e realizar o testeo de dispositivos electrónicos con tecnoloxías inalámbricas que, incorporados ao vestiario da persoa usuaria, sexan capaces de informar sobre certos indicadores do estado de saúde das persoas, como o nivel de actividade, o ritmo de exercicio físico, ou mesmo a presión arterial.

Se esta información é coñecida en tempo real por persoal especializado na atención sociosanitaria, aporta un gran valor engadido á relación e interacción, xa que permite monitorizar as constantes vitais de forma continuada, e poder crear, así, un entorno seguro para usuarios maiores e/ou persoas con discapacidade.

**A experiencia innovadora baseada en robótica social** ten como obxectivo observar a contribución da robótica social nos aspectos psico-sociais vinculados ás situacións de soidade. Deséñase un living lab comunitario de tecnoloxía robótica ao servizo das persoas, en concreto, aquela implicada na mellora do benestar psico-social de persoas en situación de vulnerabilidade (persoas maiores e/ou con discapacidade). A hipótese de partida é observar se a presenza similar (humano vs. robot) facilita as interaccións, fai que estas se desenvolvan como máis naturais e permite traballar aspectos relacionados co benestar psico-social e as habilidades comunicativas que, a calquera idade, poden mellorar a participación social proveitosa e efectiva, á marxe do illamento social.

#### IV. Avaliación e informe de resultados

Ao longo do proxecto realízanse unha avaliación de resultados, en concreto, de cada un dos eixos operativos desenvolvidos que aporten información por unha banda a adecuación dos protocolos establecidos para o Servizo Telefónico Multicanle e os puntos de atención á soidade e os living lab de equipamento de teleasistencia avanzada. O produto resultante será un informe final que comprenda a descrición, resultados e indicadores de avaliación de cada un dos eixos operativos, en concreto, presentarase unha memoria do proxecto que inclúa:

- a) Informe de resultados de cada un dos eixos operativos.
- b) Indicadores para avaliar as condicións de pertinencia, confiabilidade e comparabilidade.
- c) Protocolo de detección de casos de soidade e illamento social.
- d) Protocolo de atención á soidade non desexada.
- e) Informe de avaliación das solucións propostas (informe final).



### ANEXO III

*Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)*

Don/Dona....., DNI....., como presidente da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en .....

beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular do Proxecto LAR contra a soidade non desexada no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de inversión I2 do proxecto número 6 (Proxectos de Innovación dos servizos sociais ) incluído no Compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «d) a efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, solicitar e asegurar o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- i. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- ii. Unha lista de medidas para a execución do proxecto no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos remates expresamente relacionados nos artigos citados.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....



#### ANEXO IV

### Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona ....., con DNI ....., como presidente da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en .....na condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como cotitular do Proxecto LAR contra a soidade non desexada, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do no significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, así o compoñente 22, Investimento 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece que os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo con a Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....

